


Xogos e actividades para estimular a linguaxe

- ✦ Xogos de sopro: inchar globos, sorber con palliñas, soprar velas, soprar cun asubío, facer pompas de xabón, etc.
- ✦ Lectura de contos: é unha forma moi eficaz de ensinarlle un modelo correcto de como construír oracións e formas verbais.
- ✦ Xogar ao vexo-vexo.
- ✦ Aproveitade todas as situacións cotiás para enriquecer vocabulario: nomear as partes do corpo mentres o/a bañamos, os alimentos mentres facemos a compra no supermercado, etc.
- ✦ Repasar de xeito lúdico o vocabulario que van aprendendo.
- ✦ Ensinádelle semellanzas e diferenzas: *"En que se parecen un gato e un coello? En que se diferenzan unha mazá e unha laranxa?"...*
- ✦ Xogade con eles a construír oracións a partir dunha palabra, logo con dúas, tres...
- ✦ Xogar ás onomatopeas, imitando diferentes animais ou accións.
- ✦ Aprendédelle adiviñanzas, cancións, rimas, trabalinguas...
- ✦ E recordade...

*" A escola é a súa segunda casa,
pero a casa é súa primeira escola".*

ORIENTACIÓNS E PAUTAS PARA AS FAMILIAS

Programa de estimulación da linguaxe oral



Silvia Otero Prado - Mestra de audición e linguaxe

ASPECTOS XERAIS

Ao longo deste curso 2019/2020 levaremos a cabo un "Programa de Estimulación da Linguaxe Oral" con todo o alumnado de educación infantil, pois a linguaxe é o instrumento de comunicación mais importante que temos os seres humanos. Pero ademais, o seu axeitado desenvolvemento é decisivo para a estruturación do pensamento e da acción do/a neno/a, para estruturar e regular a súa personalidade, o comportamento e a relación cos demais. Por último debemos ter en conta que é o principal medio de información e transmisión de cultura.

A familia, e en particular os/as pais/nais, sodes o contexto clave, decisivo e insubstituíble para a estimulación e desenvolvemento da linguaxe e a comunicación. Por iso este folleto quere servir de axuda para que, entre todos, academos o obxectivo primordial de "proporcionar ós nenos e ás nenas un axeitado desenvolvemento da linguaxe, atendendo ós 3 niveis: forma, contido e uso".

Para isto, dende o colexio traballaremos estes aspectos dun xeito lúdico, a través do conto e co noso amigo "O Dragón Pepón".



Pautas para estimular a linguaxe

- ✚ A utilización do chupete e biberón poden provocar deformacións e problemas de pronunciación correcta nos sons das fala.
- ✚ Ensinarlle a manter unha axeitada hixiene nasal: sonar os mocos. Si a súa nariz está obstruída adquirirá unha respiración bucal que será causa de moitas infeccións e problemas de articulación.
- ✚ Falade co/a neno/a sen berrar, amodo, con frases comprensibles e directas, ben ordenadas.
- ✚ Falade pronunciando axeitadamente as palabras, sen imitar a fala infantil e ofrecendo sempre un modelo axeitado de linguaxe.
- ✚ Sempre que vos pregunte polo nome dos obxectos ou polo significado das palabras, respondédelle correctamente.
- ✚ Dádelle tempo para que responda e non anticipemos os seus desexos. Recordade: *a falar apréndese falando*.
- ✚ Evitade a protección en exceso. Debemos deixar que desenvolva a súa personalidade ao completo, dándolle autonomía.
- ✚ escoitádeo/a cando vos fala e tentade prestarlle atención, pois tamén precisan aprender a escoitar e gardar quendas de palabra.
- ✚ Evitade transmitir impaciencia ou nerviosismo ante un período de tartamudeo (moi habitual na poboación infantil ata os 5-6 anos) nin o/a apresuresdes para que remate de falar.